

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e do Secretario acctal (Decreto 13.03.12) da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:


1º.- LICENZA DE DEMOLICIÓN SOLICITADA POR AGAPEL PELTING, S.L.

1º.- LICENZA DE DEMOLICIÓN SOLICITADA POR AGAPEL PELTING, S.L.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 15 de marzo de 2012, e o informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 15 de xaneiro de 2012, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **por maioría simple dos presentes** (votos a favor: catro (4) catro concelleiros do grupo m. PsdeG-PSOE; abstencións: unha (1) un concelleiro do grupo mixto (Matías Rodríguez) **acorda:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:** AGAPEL PELTING, S.L.
- b) **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:**
Demolición de edificación de 87,20 m².
- c) **SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS:** A escasos metros do pavillón nº 5 do Recinto da Semana Verde de Galicia S(illeda).



- d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:** Asinado polo arquitecto técnico don José Ponce Yáñez (colegiado número 248) e visado polo colexio oficial de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra (delegación Vigo) en data 28/febreiro/2012.
- e) **CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:** 3.532,90 €
- f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 15 de marzo de 2012:

"Solicitante: AGAPEL PELTING, S.L.

Data da solicitude: 24/febreiro/2012.

Nº de rexistro: 852.

Obra: Demolición de edificación de 87,20 m².

Emprazamento: A escasos metros do pavillón nº 5 do Recinto da Semana Verde de Galicia (Silleda).

Proxecto técnico: Asinado polo arquitecto técnico don José Ponce Yáñez (colegiado número 248) e visado polo colexio oficial de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra (delegación Vigo) en data 28/febreiro/2012.

Director de obra: Técnico redactor do proxecto técnico.


Oficio de dirección de obra: Visado polo colexio oficial de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra (delegación Vigo) en data 28/febreiro/2012

Orzamento: Segundo consta no proxecto técnico aportado coa solicitude a execución material ascende a un total de 3.532,90 €.

INFORME TÉCNICO:

De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MAIOR.

O solo no que se pretende demoler a edificación ten as seguintes condicións urbanísticas:



- Clasificación do Solo: SOLO URBANO.
- Ordenanza de aplicación: Sección 6ª, ordenanza S.C.: SERVIZOS COMUNITARIOS.

Visto o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, coas posteriores modificacións:


*M.P. Parque Empresarial Área-33. Aprob. def. o 22/10/1991.
M.P. PXOU na Zona da Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprob. def. o 11/05/1995.
M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho da rúa núm. 5 (apartado 2). Aprob. def. o 11/05/1995.
M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprob. def. o 07/03/2002.
M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (art. 78). Aprob. def. o 07/03/2002.
M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprob. def. o 08/04/2002.
Plan Parcial Parque Empresarial Área-33. Aprob. def. o 22/10/1981.
M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área-33. Aprob. def. o 07/03/2002.
M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área-33. Aprob. def. o 27/03/2007.
E.D. Rúa Butano. Aprob. def. o 26/01/1984.
E.D. Calello da Feira. Aprob. def. o 26/01/1984.
E.D. Esquina Avda. do Parque. Aprob. def. o 26/01/1984.*

Segundo manifesta o técnico no proxecto técnico aportado, pretendese levar a cabo a demolición dunha edificación de planta baixa con cuberta a unha auga e de 87,20 m², xa que presenta síntomas de deterioro xeral que poden supoñer risco para a integridade das persoas. Manterase a soleira base da edificación para acopio de medios auxiliares relacionados coa actividade que se pretende desenvolver no pavillón nº 5 (secado de peles).

Polo que a demolición cumprirá estas características e o resto das determinadas no planeamento municipal.

Durante a execución das obras garantirase a total seguridade do paso peonil e rodado.

O artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, establece en qué casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dos datos aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzan



os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretenden, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública.

En calquera caso, segundo o artigo 18 do R.D. 1627/1997, deberáse dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do inicio dos traballos.

Deberase cumprir o establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción e demolición, e en particular: a xestión e retirada de materiais sobrantes a vertedoiros autorizados.

Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros do medio físico ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.

Instalación de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser precisa, deberá de aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación na materia (R.D. 2291/85, de 8 de Novembro; R.D. 836/2003, do 27 de XuZo; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellaría de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de XuZo, entre outros).

Os elementos auxiliares da construción montaranse, instalaranse e manteranse conforme as disposicións vixentes de seguridade no traballo, de tal forma que se evite todo perigo tanto para os operarios, tránsito ou bens.

Non se menciona na solicitude a ocupación da vía pública para a realización das obras. No caso de ter que ocupar a vía pública deberán solicitalo neste Concello antes do comezo das obras.

De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos sinalado polo solicitante.

Polo tanto estímase oportuna a concesión da licencia de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións.”

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) **OUTROS:**

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 852/12.

2º) **Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 79,49 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.**

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:


1.- **Certificación de non expediente urbanístico sancionador.-**
MÓNICA SÁNCHEZ CASAL.

Vista a solicitude presentada por Dª MÓNICA SÁNCHEZ CASAL, Rexistro de Entrada nº 906, de data 28 de febreiro de 2012, de non ter aberto sobre a edificación sita no lugar de Chousa Grande, parroquia de Rellas (Silleda) expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 13 de marzo de 2012 no que se sinala:

"1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cóns medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Dona Mónica Sánchez Casal, sobre unha edificación destinada a vivenda, situada en Chousa Grande, Rellas - Silleda, con referencia Catastral nº 36052A034000080000KP (parcela). Porén, cómpre indicar que cóns medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen



visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o día 8 de novembro de 2011, a edificación de R.C. 36052A034000080000KP (parcela) téñ unha antigüidade de 8 anos, sen aclarar se houbo ou non posibles modificacións de volume posteriores.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei."

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dª Mónica Sánchez Casal as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

2.- Cesións de Xestur e IGVS ao Concello de Silleda no Parque Empresarial Área 33 (Silleda).

En relación a continuación do expediente relativo ao convenio e posterior adenda ao mesmo, suscritos polo Concello de Silleda, o IGVS e Xestur pontevedra, S.A., en data 06 de marzo de 2009 e 15 de setembro de 2009, respectivamente, relativos ás cesións ao Concello de Silleda de certos terreos sitos no Parque Empresarial, a fin de regularizar a súa situación patrimonial, da preceptiva aceptación da referida cesión, previa a formalización de escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade de Lalin.

Visto o informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 28 de febreiro de 2012 que sinala:

"A adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a ningunha restrición; no entanto se a adquisición levara aparellada algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.

No caso de que a cesión sexa gratuita pero sen condición onerosa, o artigo 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece que a adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha, con todo recoméndase que leve a cabo un procedemento, mediante o que se analice se é positivo aceptar a cesión para o Concello.

A Lexislación aplicable é a seguinte: 1.- A Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos del Sector Público.. 2.- Os artigos 11 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Órgano competente: En relación ao órgano competente para resolver, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, de 30 de outubro: 1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de suministro, de servicios, de xestión de servicios públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cuando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento ni, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter pluriamual cuando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a cuantía sinalada.

Asimesmo corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesions sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento del patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a cuantía indicados.

No presente suposto, e dado que segundo decreto de Alcaldía de 4 de Xullo de 2011, esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, este Órgano é o competente para acordar a aceptación da cesión obxecto do presente informe.

A Resolución ou o Acordo será notificado aos interesados, e procederase á inscrición do ben no Libro Inventario de Bens do Concello así como no Rexistro da Propiedade."

Visto o informe de Intervención, de data 29 de febreiro de 2012, que sinala:

"Informe de Intervención:

O importe dos recursos ordinarios do orzamento 2012, que é o do ano 2010 prorrogado, ascende a 4.262.550,45 euros, sen o 10 por cento deste recursos 426.255,04 euros".



Visto que con data 15 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe no que se sinala:

“INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DE CESIÓN DE PARCELAS NO POLÍGONO EMPRESARIAL ÁREA 33 DE SILLEDA.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1. REAL DECRETO LEGISLATIVO 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la ley de suelo.

2. REAL DECRETO 1492/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento de valoraciones de la Ley de Suelo

INFORME DE VALORACIÓN.

Consultados os valores do proxecto de expropiación, efectuado por valoración conxunta, do momento da expropiación dos terreos para a creación do polígono industrial, obtivéronse os seguintes valores:

Prezo dos terreos: 1.309.585 €

Superficie: 33 HA (330.000 m²)

Valor do solo= 1.309.585 € / 330.000 m² → Valor do solo: 3,97 €/m²

Partindo deste valor, obténse o valor total das cesións:

CESIÓN XESTUR	fase	Marxe	Superficie	Valor do Solo proxecto de expropiación	TOTAL
Sistema Viario urb.	2	A	23.189	3,97	92.059,42 € A
Equipamento Deportivo	2	A	5.918	3,97	23.494,06 € B
Zonas verdes e espazos libres	2	A	22.386	3,97	88.872,42 € C
Parcela 5	2	A	789	3,97	3.131,81 € D
Parcela 4.5	2	A	1.552	3,97	6.159,49 € E
Sistema Viario urb.	2	B	13.577	3,97	53.900,69 € F
Zonas verdes e espazos libre	2	B	9.123	3,97	36.218,31 € G

CESIÓN IGVS

Parcela 8 (bombeiros)	2	A	5.999	3,97	23.814,92 € H
Parcela 5 (Consellería de Medio Ambiente)	2	A	6.722	3,97	26.686,34 € I
Parcela 26	1	B	1.874	3,97	7.439,78 € J

TOTAL

361.777,25 €

*E + D + B + C + D +
F + G + H + I + J*

TOTAL PARCELAS CON APROVEITAMENTO URBANÍSTICO

67.232,35 €

E + D + F + G + H + I + J

TOTAL VIAIS

145.960,11 €

M + N + F

TOTAL ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES

125.090,73 €

N + O + G

TOTAL EQUIPAMENTO DEPORTIVO

B

Ascende o valor dos terreos cedidos á expresada cantidade de trescentos sesenta e un mil setecentos setenta e sete euros con vintecinco céntimos. (361.777,25 €)."

Vistos os informes técnico e de Intervención, dos que se deduce que o valor dos inmobles cedidos non supera o 10% do valor dos recursos ordinarios dos orzamentos/2012 do Concello de Silleda.


A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda a aceptación das cesións de Xestur e IGVS no Parque Empresarial Área 33 (Silleda) e notificar este acordo ós interesados.

3.- RECURSO DE APELACIÓN Nº 4496/2011 no que recae sentenza dictada pola Sección 2ª do TSXG.

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de marzo de 2012, no que se sinala:

"Proposta da Alcaldía:

Visto o estado das actuacións referentes ao RECURSO DE APELACIÓN Nº 4496/2011 no que recae sentenza dictada pola Sección 2ª do TSXG, desestimando a apelación e confirmando a dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo



nº 1 (P.O. 389/2009), sendo demandante D. Julio Abel Fernández Sánchez, e demandados o Concello de Silleda e D. Manuel Rey Sánchez, todo elo relativo á construción de un depósito de purín no lugar de Vis (Rellas), sen licencia municipal, cuio titular é D. Manuel Rey Sánchez.

Visto o informe emitido pola asesora xurídica externa Doña Carmen González Gómez.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local, que se adopte o seguinte acordo:

- a) Dar traslado do expediente aos servizos xurídicos do Concello a fin de que se notifique ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a recepción do expediente administrativo.*
- b) Se inicien os trámites necesarios para incoar expediente de reposición da legalidade con respecto á fosa de purín obxecto de litigio, e se procede, incoar expediente sancionador.”*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

- a) Dar traslado do expediente aos servizos xurídicos do Concello a fin de que se notifique ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a recepción do expediente administrativo.**
- b) Se inicien os trámites necesarios para incoar expediente de reposición da legalidade con respecto á fosa de purín obxecto de litigio, e se procede, incoar expediente sancionador.**

4.- Convenio de colaboración para a Xestión do Sendeiro do Deza entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda.

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández, en relación a proposta mancomunada co Concello de Vila de Cruces para acceder ó 10% do Plan Provincial de Emprego para 2012 da Deputación Provincial de Pontevedra, dase conta do seguinte convenio de colaboración para a Xestión do Sendeiro do Deza entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA XESTIÓN DO SENDEIRO DO DEZA ENTRE OS CONCELLOS DE VILA DE CRUCES E SILLEDA

En Silleda, (Pontevedra) a —————de —————de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte: Dna. Paula Fernández Pena.

Doutra parte: D. Jesus Otero Varela.

INTERVEÑEN

Dna. Paula Fernández Pena en nome e representación, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda con CIF P3605200I e domicilio na rúa do Trasdeza, nº 55, Silleda, 36540 Pontevedra.

D. Jesús Otero Varela en nome e representación, como Alcalde-presidente do Concello de Vila de Cruces con CIF P3605900 D e domicilio na Praza de Juan Carlos I, 36590 Vila de Cruces.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto,

EXPÓNEN


O Sendeiro do Deza é unha das sendas máis importantes da Comarca de Deza situada nos Concellos de Silleda e Vila de Cruces cunha afluencia de visitantes que rebasa a cifra das 10 000 persoas ao longo do ano.

Calificado como de pequeno percorrido non circular, está homologado pola Xunta de Galicia co código PRG nº 18. Cunha extensión de 6 km ten o se inicio nos miradoiros da Fervenza do Toxa, e despois de pasar pola ermida de San Paio, a localidade de Merza, e a área recreativa de A Carixa remata no Mosteiro de Carboeiro.

O seu valor paisaxístico queda recoñecido ao formar parte do Sistema Fluvial Ulla-Deza, e ser considerado Lugar de Importancia Comunitaria integrada dentro da Rede Natura 2000.

Cabe destacar polas súas singularidades, a Fervenza do Toxa catalogada como das máis altas de Galicia en caída libre, a Praia Fluvial da Carixa das máis importantes do Interior de Galicia e o Mosteiro de Carboeiro, fundado no S.X considerado o monumento máis sobranceiro do románico oxival galego.

Por tanto é de interese para os dous Concellos polos que discorre o Sendeiro asinar o presente acordo coa finalidade do bo mantemento e conservación do camiño e das contornas dos espazos comentados.



O Artigo 26 LBRL dispón que os municipios por si ou asociados deberán prestar , en todo caso unha serie de servizos entre os que se atopa limpeza viaria e no artigo 25 LBRL recóllense as competencias dos Concellos entre as que se atopa turismo e a conservación de camiños e vías rurais .

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación de maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Tanto a LBRL como a Lral e a lei 30/ 1992 de 26 de novembro ,de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA:

Os Concellos de Silleda e Vila de Cruces, obríganse á realización material das tarefas de limpeza e conservación do camiño coñecido como Sendeiro do Deza mediante o desbroce da maleza por medios manuais e a súa retirada, así coma a limpeza de residuos en todo o tramo que discorre polo territorio de ámbolos dous Concellos , isto é 6 km. Así mesmo comprenderán as contornas do Mosteiro de Carboeiro, da Pravia Fluvial da Carixa e dos Miradoiros da Fervenza do Toxa.

SEGUNDA:

Estes traballos realizaranse de forma continua ao longo do tempo de vixencia do presente convenio, obrigándose ámbolos dous concellos a adoptar tódalas medidas oportunas que eviten o seu deterioro ou destrución respectando as medidas contempladas na lei 9/2001 de 21 de Agosto de Conservación da Natureza e na lexislación relacionada coa Rede Natura 2000.

TERCEIRA:

O persoal estará formado por dous operarios de servizos coa ocupación de peóns de xardinería, que serán facilitados pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Provincial de Emprego 2012.

CUARTA:

O devandito persoal será aportado pola Deputación Provincial de Pontevedra mediante contratos temporais realizados a tempo parcial, 25 horas semanais, por un periodo de seis meses, formalizados a partir do 1 de abril ao

abeiro do establecido no artigo 2 do Real Decreto 2720/98 de 18 de decembro.

QUINTA:

A Deputación Provincial financiará o 100 por 100 do custo salarial total da man de obra a contratar incluída a cota empresarial á Seguridade Social calculado polo vixente Convenio Colectivo de persoal laboral da mesa Deputación contratante.

SEXTA:

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva no mes seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.


Os Concellos comunicaran á Comisión mixta os medios materiais e persoais que destinan para a xestión compartida deste servizo.

As súas principais funcións serán:

- *O seguemento da xestión do servizo.*
- *Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo.*
- *A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.*
- *A elaboración das súas normas internas de xestión.*
- *A interpretación do convenio.*
- *A proposta, no seu caso, de addendas.*
- *Intervención previa á resolución por incumprimento.*
- *Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.*
- *Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.*

Os plenos dos Concellos deberán proceder a aprobar o catálogo de condicións de prestación do servizo que propoña a Comisión Mixta.

SÉTIMA:



Os Concellos de Silleda e Vila de Cruces deberán proporcionar ós traballadores os medios materiais e roupa de traballo necesarios para a realización dos correspondentes servizos.

OITAVA: Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. A Comisión Mixta establecerá ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada Concello.

O Reparto será o 50%, non obstante a Comisión Mixta atenderá no seu reparto os custos dos medios materiais e persoais aportados por cada Concello. Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao Concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

NOVENA :

O presente convenio entrará en vigor o día data de inicio dos traballos polo personal contratado e cedido pola Deputación e rematará o día de fin do contrato.

DÉCIMA.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.*
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia*


No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMO PRIMEIRA - Natureza do Convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao



disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA .- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade, e previa a súa lectura, ámbalas dúas partes firman o presente convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello de Silleda
Cruces."

Polo Concello de Vila de

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade: acorda:**

1º.- Prestar aprobación ó convenio de colaboración para a Xestión do Sendeiro do Deza entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda.

2º.- Dar conta deste Convenio o Pleno da Corporación, na próxima sesión que celebre, para súa aprobación definitiva y posterior firma polas partes.

5.- Contrato de transacción extraxudicial entre o Concello de Silleda e a sociedade mercantil "URBASER, S.A."


Pola Alcaldesa-Presidenta dase conta do seguinte contrato de transacción extraxudicial entre o Concello de Silleda e a sociedade mercantil URBASER, S.A.:

"CONTRATO DE TRANSACCION EXTRAJUDICIAL

REUNIDOS

DE UNA PARTE, Dona Paula Fernández Pena, con D.N.I. nº 76813151M, na súa condición de Alcaldesa do CONCELLO DE SILLEDA, con C.I.F. P-3605200-1, e domicilio na rúa Trasdeza, nº 55, C.P. 36.540 - Silleda (Pontevedra), especialmente facultada para este acto por acordo adoptado por el Pleno de la Corporación de fecha 11 Junio de 2011.

DE OTRA, DON MANUEL ANDRES MARTINEZ, actuando en nombre y representación de la sociedad mercantil "URBASER SA", con domicilio en Madrid,



San Sebastián de los Reyes, Avda. de Tenerife, 4 - 6 y con CIF A-79524054. Interviene con poder bastante para este acto según se desprende de la escritura otorgada ante el Notario Don Miguel Ruiz Gallardón García de la Rasilla, en fecha 29 de diciembre de 2009, con número 6961 de Protocolo.

Ambas partes se reconocen mutuamente la capacidad legal para la firma del presente CONTRATO DE TRANSACCION EXTRAJUDICIAL, de acuerdo con la capacidad meritada y a tal efecto;

EXPONEN

PRIMERO.- *Que con fecha 16 de febrero de 2006 recayó Sentencia en el procedimiento recurso número 4066/2002, seguido ante la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, por la que, de conformidad con el Fallo de la misma, se "Estimaba parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por el procurador Don Juan Lage Fernández Cervera, en nombre y representación de la entidad Urbaser, S.A., en relación con reclamación al Ayuntamiento de Silleda del cumplimiento de obligación, en virtud de contrato, de pago del interés legal de demora, y del reconocimiento de intereses sobre intereses, y reconocemos el derecho a la recurrente a que la administración demandada le abone el importe de las facturas reclamadas, más los intereses legales de demora de las mismas, IVA incluido, y los intereses legales de dicha cantidad desde la fecha de interposición de este recurso, que se determinarán en ejecución de sentencia, una vez firme, con imposición de costas a la Administración".*

SEGUNDO.- *Tras solicitarse por Urbaser, S.A. la ejecución forzosa de la Sentencia con fecha 30 de enero de 2009, y tras diversos escritos presentados en el Juzgado reiterando la misma, con fecha 6 de junio de 2011 se dicta Auto por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en cuyo fallo se establecía: "ACORDAMOS, fijar en 248.222,28 euros el importe del principal e intereses que, a fecha 23.06.10, adeuda el Ayuntamiento de Silleda a la sociedad mercantil "Urbaser, SA", cuyo pago debidamente actualizado a partir del día siguiente realizará y acreditara ante esta sala antes del 31.07.11, con las consecuencias advertidas en la parte expositiva. No hacemos condena en costas".*

Consecuencia del referido Auto fue el ingreso por importe de CUARENTA Y DOS MIL NOVECIENTOS VEINTICUATRO EUROS Y CINCO CENTIMOS DE EURO (42.924,05 euros) que efectuó el Ayuntamiento de Silleda con fecha 29 de julio de 2011, tal y como se recoge en la Providencia de fecha 14 de septiembre de 2011, que dispone: "Por presentado el anterior escrito por el Procurador Sr. López Valcarcel únase y, transférase a la mayor brevedad al representante de la Sociedad Mercantil "URBASER S.A." dicho importe de 42.924,05 euros a cuenta de la liquidación fijada en el auto firme de 06.06.11, sin perjuicio de los intereses que resulten (...)".

Con fecha 18 de enero de 2012 se realiza por parte del Ayuntamiento de Silleda el abono del resto del principal debido, por importe de OCHENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS SIETE EUROS Y CUARENTA Y SEIS CENTIMOS DE EURO (89.907,46 euros), cancelando el principal de la deuda pendiente de cobro.

TERCERO.- *Tras el efectivo abono del principal pendiente de cobro, resta al Concello de Silleda abonar los intereses de demora devengados, y reconocidos en la referida Sentencia objeto de ejecución, que se cuantifican a fecha 18 de enero de 2012 en la cantidad de CIENTO TREINTA Y CINCO MIL DOSCIENTOS VEINTE EUROS Y SETENTA CENTIMOS DE EURO (135.220,70 Euros), cantidad en la que se incluyen los intereses de demora devengados desde la fecha de vencimiento de las facturas hasta el 18 de enero de 2012; los intereses de anatocismo desde la fecha de interposición del recurso contencioso administrativo hasta la fecha de notificación de la sentencia y los intereses de ejecución de sentencia.*

CUARTO.- *Sobre la base de estos antecedentes, ambas partes de común acuerdo, manifiestan su voluntad de llegar a un acuerdo extrajudicial para el pago de los intereses devengados a 18 de enero de 2012, cuantificados en el Antecedente Tercero, para lo cual las partes pactan y se comprometen al cumplimiento de lo que se contiene en las siguientes*

ESTIPULACIONES

PRIMERA.- *Las partes intervinientes mediante negociación extrajudicial concretan y materializan la cantidad adeudada por el Concello de Silleda a Urbaser, S.A., y que asciende a la cantidad total de CIENTO TREINTA Y CINCO MIL DOSCIENTOS VEINTE EUROS Y SETENTA CENTIMOS DE EURO (135.220,70 Euros), de acuerdo con la cuantía y conceptos detallados en el Expositivo Tercero, y que ambas partes consideran como la valoración de la totalidad de sus derechos económicos, de acuerdo a los términos de este Acuerdo.*

SEGUNDA.- *Que para el pago y liquidación de la referida cantidad, correspondiente a las cantidades y conceptos detallados, ambas partes convienen que a partir del mes de marzo de 2012 se realizarán pagos mensuales por importe de SEIS MIL EUROS (6.000 euros), realizándose el primer pago antes del 30 de marzo de 2012, y el resto de los pagos dentro de los cinco primeros días de cada mes, de tal manera que el siguiente pago se realizará entre los días 1 y 5 de abril, y así sucesivamente, hasta la total liquidación del importe pendiente.*

Los pagos se realizarán mediante transferencia a la cuenta de Urbaser, S.A. nº 0049 1500 00 2010079345 o cualquier otra cuenta bancaria que Urbaser, S.A. comunique formalmente, hasta que satisfaga la totalidad de la cantidad adeudada,

objeto del presente Convenio.

TERCERA.- Si cualquiera de los pagos comprometidos a realizar por el Excmo. Ayuntamiento de Silleda no se efectuara de conformidad con las fechas establecidas en este Acuerdo, la cantidad impagada producirá desde el día siguiente a su vencimiento a favor de Urbaser, S.A., y sin necesidad de previa reclamación, el interés de demora establecido en los números 2 y 3 del artículo 7 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre de 2004, por el que se establecen medidas de lucha contra la morosidad.


CUARTA.- Las partes acuerdan que, en cualquier momento, el Ayuntamiento de Silleda podrá amortizar de forma anticipada, parcial o total, la deuda refinanciada, sin penalización alguna.

QUINTA.- Que expuesto lo anterior, y una vez materializado el primer pago, las Partes se comprometen a presentar conjuntamente copia del presente Convenio ante el Tribunal que en la actualidad están tramitando el recurso número 4066/2002, seguido ante la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, para, previa convalidación por el mismo, dar por concluido el procedimiento a través de acuerdo extrajudicial alcanzado sobre la cuantía y forma de pago de la Deuda, de conformidad con lo establecido en el artículo 77 de la ley de la Jurisdicción contencioso administrativa.

Sin perjuicio de lo anterior, el incumplimiento de los términos del presente Convenio facultará a Urbaser, S.A. a acudir al Tribunal para solicitar la ejecución inmediata del mismo, de tal manera que el importe total de la cantidad adeudada en el momento de producirse la comunicación descrita en el párrafo anterior, deberá reputarse como deuda líquida, vencida y exigible, con la consiguiente pérdida para este Ayuntamiento del beneficio de aplazamiento estipulado a través del presente acuerdo, incrementándose además el importe total adeudado en la cantidad correspondiente a los intereses que resulten de la aplicación de los criterios establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, de lucha contra la morosidad.

SEXTA.- El Excmo. Ayuntamiento de Silleda reconoce su obligación de incluir en los presupuestos municipales correspondientes a los siguientes ejercicios económicos, los créditos necesarios para hacer frente a las obligaciones derivadas del presente acuerdo, estableciéndose las disponibilidades de Tesorería necesarias para atender el cumplimiento de las obligaciones, comprometiéndose, en consecuencia, a consignar dichas cantidades anualmente.

SEPTIMA.- Urbaser podrá ceder libremente su posición contractual, así



como los derechos de cobro del presente convenio, total o parcialmente, a una entidad de crédito, siempre que la misma no suponga incremento de coste o gasto para el Excmo. Ayuntamiento, en los términos previstos en la legislación vigente.

OCTAVA.- *Este Acuerdo y su contenido, será sometido a la aprobación y ratificación por parte del Pleno del Ayuntamiento de Silleda, en la próxima sesión plenaria.*

Y en prueba de conformidad ambas parte firmen al presente ACUERDO DE TRANSACCION EXTRAJUDICIAL, con su anexo y documento, en el lugar y fecha citado "ut supra".

*La Alcaldesa-Presidenta
Del Ayuntamiento de Silleda*

Por "URBASER, S.A."

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de marzo de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Don fe. O secretario acctal.
(Decreto 13/03/12)

Asdo. David García Lareo